

PREVENCIÓN DE RISCOS NAS AMOLADORAS

Non te amoles

Riscos / causas de accidentes



Utilización non adecuada da máquina ou dos discos.




Sobreesforzos e posturas forzadas. Exposición a ruído e vibracións. Inhalación de po.



Cortes, abrasións, contactos e/ou atrapamentos. Golpes, proxección de partículas.



Contactos eléctricos directos ou indirectos.



Os discos

Selecciona e coloca os discos tendo en conta o manual do fabricante:

- O seu diámetro e as características do traballo por realizar (cortar, tronzar, cepillar, lixar ...)
- Deben ser compatibles coa potencia da máquina e libres de defectos. Verifica o sentido de xiro.
- Serán apropiados para o material que se vai cortar (metal, cerámica, pedra, ...)
- Evita a presenza de corpos extraños entre o disco e o protector.
- Antes de traballar fai xirar o disco en baleiro: comproba o axuste correcto, alíñamento, estado e funcionamento.

Protéxete

- Selecciona e utiliza os EPI axeitados á tarefa, tendo en conta o manual do fabricante e a túa avaliación de riscos.



Lembra

- Antes de usar a máquina, debes coñecer o seu funcionamento e os sistemas de seguridade e protección.
- Le o manual de instrucións do fabricante.
- Non utilices accesorios que non estean deseñados e/ou recomendados no manual do equipo.



Precaucións

- ✓ Usa a máquina soamente para as operacións especificadas polo fabricante e cos accesorios do manual do equipo.
- ✓ Non anules os dispositivos de seguridade.
- ✓ Utiliza **indumentaria adecuada**, evita a roupa frouxa ou esfañada e accesorios que poidan engancharse.
- ✓ Fai o mantemento e os **cambios de útil** coa máquina **parada e desconectada**.
- ✓ Antes de poñela en marcha, **comproba que non haxa persoas no raio de acción**.
- ✓ Se é preciso protexe o posto mediante **pantallas, biombos ou lonas ignífugas** para limitar a proxección de partículas.
- ✓ Non utilices a ferramenta preto de materiais inflamables, para **evitar incendios por faíscas**.
- ✓ Asegúrate de que as **pezas** están **fixadas** ou suxeitas para traballar sobre elas de forma segura.
- ✓ **Agarra firmemente** a máquina polos elementos deseñados para iso.
- ✓ Se se **bloquea** o útil, **desconecta a radial** e, unha vez que se deteña o xiro, libera o útil.
- ✓ Antes de usala verifica que a **carcasa de protección do disco** está **colocada** correctamente.
- ✓ **Non intentes parar o útil da máquina manualmente**, espera pola súa parada natural antes de pousala e desconectala.
- ✓ Comproba os elementos de **conexión á rede eléctrica** (prolongadores, tomas, cables, ...)
- ✓ Debes efectuar o **mantemento** e as revisións recomendados polo fabricante.